

VIII Olimpíada Galega de Economía - Iván I. Troche


As olimpíadas non foron só creadas para as matemáticas, e proba disto son as olimpíadas de Economía, organizadas polas universidades galegas dende o 2008. Este ano a anfitroia do evento foi a UDC, e ata alí desprazámonos unha comisión delegada do noso centro, formada polas profesoras do departamento de Economía Elisa Sáez e Beatriz Vázquez, máis eu, Iván I. Troche.

No evento, reunímonos decenas de estudantes da materia de Economía da Empresa de 2º de bacharelato para mostrar o seu coñecemento económico a través dun exame de 2 horas con 10 preguntas (5 de Economía de 1º de bacharelato -4 teóricas e 1 práctica- e outras 5 de Economía e Empresa de 2º -a escoller entre 8-), ademais dun comentario de texto.

Facultade de Economía e Empresa
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



VIII OLIMPÍADA
GALEGA
DE ECONOMÍA
"La Caixa"



CURSO 2016/2017
31 de marzo de 2017
Facultade de Economía e Empresa
Universidade da Coruña

Patrocinan:

Obra Social "la Caixa"

economistas
Colexio da Coruña

Organizan:

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USC

Universidade de Vigo

AGAEDES



Despois do exame, gozamos dunha dinámica e ben organizada visita pola cidade de 2 horas. Asemade, preparaban os nosos resultados no Concello, que coñecemos canda o concelleiro Sr. D. Alberto Lema Suárez, cuarto tenente de alcalde, e outros persoeiros como o reitor da universidade e os decanos do Colexio de Economistas e da facultade de Economía e Empresa.

Persoalmente, recomendo a participación nas olimpíadas, xa que son o asistente perfecto para elevar a nosa moral, posto que nos permite decatarnos de todo o que aprendemos nas clases e no noso día a día.

Ademais, como dixo o célebre Benjamin Franklin, "Dime e esquezo, ensíname e recórdo, involucrame e apréndoo!"

